

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Míguez Tabarés, José Luis
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Valcárcel Fernández, Patricia
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Formella, Arno
García Cutrín, Francisco Javier
García Fontán, María Soledad
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Picos Martín, Juan
Río Otero, Coral del

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Rúas Araújo, José
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

Fernández Simoes, Miguel
Lima González, Estela

PAS

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga
Davila Segade, Ruth
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Pazos Currás, Marta María
Rodríguez Domínguez M^a del Mar

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 26 de xuño de 2023, convocada para ás 12:30 h. en primeira convocatoria e ás 13:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 13:00 do día 26 de xuño de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da conta de liquidación definitiva 2022 para o seu trámite no Consello Social.
2. Aprobación, se procede, dunha solicitude de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2022 para a realización dun programa de investigación a través do centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades, para o seu trámite no Consello Social.
3. Aprobación, se procede, da proposta de Gobernanza para o Campus Auga.

1. Aprobación, se procede, da conta de liquidación definitiva de 2022 para o seu trámite no Consello Social.

O reitor informa de que esta liquidación ven ao Consello de Goberno despois de ser aprobada na Comisión de Planificación e a Comisión Económica do Consello Social, onde ten que ser aprobada de forma definitiva no Pleno en poucas datas. É unha cuestión de trámite, ten que ser aprobada neste Consello de Goberno para despois elevala ao Consello Social. Cédelle a continuación a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez, quen explica o asunto coas seguintes diapositivas:

A evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2017/2022


A evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo para o exercicio 2022 **reflicte a consecución dunha estabilidade orzamentaria suficiente para garantir a actividade da Universidade..**

- O orzamento do exercicio 2022 volve a senda respecto ao 2021 porque en 2022 houbo novas axudas previstas no momento de elaboración do orzamento.

Evolución do orzamento e as súas modificacións 2017-2022(euros)						
	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Orzamento inicial	165.325.488	172.552.088	182.535.089	194.995.837	184.640.912	198.676.372
Modificacións orzamentarias	12.412.659	13.242.284	14.059.334	14.399.918	17.427.596	16.006.985
Orzamento definitivo	177.738.147	185.794.372	196.594.423	209.395.755	202.068.508	214.683.357

Universidade de Vigo

A evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2016/2022



Conta anual do exercicio 2022

A conta anual foi sometida a auditoría pública e contén os seguintes documentos:

- Balance da situación a 31 de decembro de 2022
- Conta do resultado económico patrimonial
- Estado de cambios no patrimonio
- Estado de fluxos de efectivo
- Estado de liquidación do orzamento e memoria

Universidade de Vigo

Conta anual do exercicio 2022

O proceso de formulación e a posterior aprobación da conta consiste en:

1. Formulación polos servizos económicos da Universidade dirixidos pola Vicerexencia Económica e a Xerencia
2. Aprobación polo Consello de Goberno, de ser o caso, ou da comisión de planificación
3. Aprobación polo Consello Social xunto co Informe de auditoría, de ser o caso.
En comisión e en pleno
4. Remisión á Xunta de Galicia

Universidade de Vigo

Principios contables de carácter económico patrimonial

Xestión continuada

O servizo da educación superior préstase de forma indefinida.

Devindicación

As obrigas e os dereitos recoñécense cando se producen os feitos que os soportan e non cando se pagan ou se cobran.

Uniformidade

Os criterios contables mantéñense no tempo e aplícanse de forma coherente, sen alteracións inxustificadas.

Prudencia

Os gastos e os ingresos contabilízanse sen sobrevaloración e recoñécense contablemente as obrigas que non foron imputadas ao orzamento por mor das datas de peche do exercicio.

Principios contables de carácter orzamentario

Principio de imputación orzamentaria

- As obrigas imputanse ao orzamento do exercicio no que se realizan
- e os dereitos, ao orzamento do exercicio no que se recoñecen ou liquidan.

Principio de desafectación

- Con carácter xeral, os ingresos que se reciben financian a totalidade dos gastos (sen que haxa relación directa entre uns e outros).
- A excepción a este principio xa que financian especificamente os gastos afectados a eles son os ingresos para os proxectos de investigación e cooperación así como os que se reciben para financiar actuacións concretas sobre infraestruturas

Conta anual do exercicio 2022

O orzamento definitivo de Ingresos da UVigo acadou os **214.283.355€**. Isto supón un 8,05 % máis que a cifra inicialmente estimada (no 2021 -> 9,44%).

Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2022 (euros)			
Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.133.000 €	139.255 €	17.272.255 €
IV. Transferencias e subvencións correntes	139.843.852 €	6.444.459 €	146.288.311 €
V. Ingresos patrimoniais	230.000 €	45.707 €	275.707 €
OPERACIONS CORRENTES	157.206.852 €	6.629.421 €	163.836.273 €
VI.- Enaxenacion de inversións reais	400.000 €	- €	400.000 €
VII.-Transferencias e subvencións capital	28.264.126 €	1.119.621 €	29.383.747 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	28.664.126 €	1.119.621 €	29.383.747 €
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	185.870.978 €	7.749.042 €	193.220.020 €
VIII. Variación de activos financeiros	12.805.394 €	8.257.941 €	21.063.335 €
IX. Variación de pasivos financeiros	- €	- €	- €
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	12.805.394 €	8.257.941 €	21.063.335 €
TOTAL	198.676.372 €	16.006.983 €	214.683.355 €

Universidade de Vigo

Conta anual do exercicio 2022

Dado o principio de equilibrio orzamentario, o orzamento definitivo de gastos acadou o mesmo importe que o de ingresos.

Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2022 (euros)			
Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	122.361.464 €	2.348.330 €	124.709.794 €
II. Gastos correntes en bens e servizos	31.366.105 €	- 265.615 €	31.100.489 €
III. Gastos financeiros	457.450 €		457.450 €
IV. Transferencias correntes	7.226.024 €	288.112 €	7.514.136 €
V. Fondo de continxencia	300.000 €	- 197.256 €	102.743 €
OPERACIONS CORRENTES	161.711.043 €	2.173.571 €	163.884.612 €
VI. Inversións reais	36.025.329 €	13.713.296 €	49.738.625 €
VII. Transferencias capital		5.106 €	5.106 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	36.025.329 €	13.718.402 €	49.738.625 €
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	197.736.372 €	15.891.973 €	213.623.237 €
VIII. Activos financeiros	140.000 €	115.010 €	255.010 €
IX. Pasivos financeiros	800.000 €		800.000 €
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	940.000 €	115.010 €	1.055.010 €
TOTAL	198.676.372 €	16.006.983 €	214.683.355 €

Universidade de Vigo

Conta anual do exercicio 2022

- Mencionar que as **modificacións orzamentarias** no ano 2022 sufriron un ascenso debido á maior incorporación de remanentes dos proxectos de investigación e á xeración de créditos pola consecución de fondos alleos, sobre todo derivado dos fondos next generation.

Evolución do orzamento e as súas modificacións 2017-2022(euros)						
	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Orzamento inicial	165.325.488	172.552.088	182.535.089	194.995.837	184.640.912	198.676.372
Modificacións orzamentarias	12.412.659	13.242.284	14.059.334	14.399.918	17.427.596	16.006.985
Xeracións de crédito	2.796.391	2.091.132	2.653.223	1.800.459	6.541.031	7.749.044
Incorporación de remanentes	9.616.268	11.151.152	11.406.111	12.599.459	10.886.565	8.257.941
Ampliacións de crédito	0	0	0	0	0	
Reducións por anulación	0	0	0	0	0	
Transferencias de crédito	17.858.391	19.428.024	20.244.700	17.986.906	18.828.561	27.482.122
Orzamento definitivo	177.738.147	185.794.372	196.594.423	209.395.755	202.068.508	214.683.357

Universidade de Vigo

Conta anual do exercicio 2022

A comparativa dos ingresos (dereitos recoñecidos) por capítulos, entre os anos 2022 e 2021.

Comparativo dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2022 e 2021 (euros)			
Capítulos	2022	2021	% de variación
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.612.972	16.305.673	1,88%
IV. Transferencias e subvencións correntes	143.113.504	129.936.049	10,14%
V. Ingresos patrimoniais	222.994	143.334	55,58%
OPERACIÓNS CORRENTES	159.949.470	146.385.057	9,27%
VI.- Enaxenación de inversións reais	0	0	
VII.-Transferencias e subvencións capital	31.959.326	34.178.878	-6,49%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	31.959.326	34.178.878	-6,49%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	191.908.796	180.563.934	6,28%
VIII. Variación de activos financeiros	2.051.711	42.637	4712,06%
IX. Variación de pasivos financeiros			
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.051.711	42.637	4712,06%
TOTAL	193.960.507	180.606.571	7,39%

Universidade de Vigo

Conta anual do exercicio 2022

A **comparativa dos gastos** (obrigas contraídas), por capítulos, entre os anos 2022 e 2021 mostra a continuidade sobre as decisións de xestión adoptadas e o grao de execución das mesmas ao longo de cada exercicio.

Cadro 10. Comparativo dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2022 e 2021 (euros)

Capítulos	2022	2021	% de variación
I. Gastos de persoal	121.268.964	114.545.935	5,87%
II. Gastos correntes en bens e servizos	24.328.867	22.854.570	6,45%
III. Gastos financeiros	326.171	317.598	2,70%
IV. Transferencias correntes	5.811.024	4.724.100	23,01%
OPERACIÓNS CORRENTES	151.735.026	142.442.204	6,52%
VI. Investimentos reais	28.310.878	31.513.143	-10,16%
VII. Transferencias de capital	20.034	20.034	--
OPERACIÓNS DE CAPITAL	28.330.912	31.533.177	-10,16%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	180.065.938	173.975.381	3,50%
VIII. Activos financeiros	173.210	56.283	207,75%
IX. Pasivos financeiros	755.976	1.100.156	-31,28%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	929.186	1.156.439	-19,65%
TOTAL	180.995.124	175.131.820	3,35%

Universidade de Vigo

Conta anual do exercicio 2022

O resultado orzamentario do exercicio acada a cifra de + 12.980.460,78 €, ao engadirse os axustes o resultado orzamentario axustado acada a cifra de + 12.031.854,29 €

Resultado orzamentario ano 2022 (euros)				
CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	159.949.471,33 €	151.735.028,82 €		8.214.442,51 €
b. Operacións de capital	31.959.326,68 €	28.315.832,41 €		3.643.494,27 €
c. Operacións comerciais				
1. Total de operacións non financeiras (a+b+c)	191.908.798,01 €	180.050.861,23 €		11.857.936,78 €
d. Activos financeiros	2.051.711,51 €	173.210,49 €		1.878.501,02 €
e. Pasivos financeiros		755.976,95 €		-755.976,95 €
2. Total de operacións financeiras (d+e)	2.051.711,51 €	929.187,44 €		1.122.524,07 €
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	193.960.509,52 €	180.980.048,67 €		12.980.460,85 €
AXUSTES:				
3. Créditos gastados con cargo a remanente de tesourería non afectado			7.215.957,17 €	
4. Desviacións negativas de financiación			3.889.139,11 €	
5. Desviacións positivas de financiación			-12.053.702,57 €	
II. TOTAL AXUSTES (3+4+5)			-948.606,29 €	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				12.031.854,56 €

Universidade de Vigo

Capacidade / Necesidade de financiación a 31 de decembro

A evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2016/2022

O indicador sobre a execución financeira a respecto dos orzamentos recoñecidos e a execución dos cobros ou dos pagos

Execución do orzamento de ingresos (euros)							
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
A. Dereitos recoñecidos netos	153.759.723,30	158.340.391,98	161.338.146	165.049.892	167.405.507	180.606.571	193.960.510
B. Previsións definitivas	172.419.844,91	177.738.147,12	185.794.372	196.594.423	209.395.755	202.068.508	214.683.357,26
C. Indicador (A/B)	0,89	0,89	0,87	0,84	0,80	0,89	0,90

Realización de pagamentos (euros)							
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
A. Pagamentos realizados	149.958.991,92	156.993.954,28	164.126.692,59	169.694.366,62	170.654.684,08	173.654.734,89	181.055.248,36
B. Obrigas recoñecidas	149.968.828,83	157.064.633,37	164.126.692,59	169.720.773,30	170.681.126,09	175.131.819,70	181.055.248,36
C. Indicador (A/B)	1,00	1,00	1,00	1,00	1,00	0,99	1,00

Universida_{de}Vigo

Indicadores Orzamentarios

Do orzamento de gastos correntes

Execución do orzamento de gastos

Reflicte a proporción dos créditos aprobados no exercicio que deron lugar ao recoñecemento de obrigas orzamentarias.

$$\frac{\text{Obrigas recoñecidas netas } 180.980.048,67}{\text{Créditos totais } 214.683.357,26} = 0,84$$

Realización de pagamentos

Indica a proporción das obrigas recoñecidas no exercicio cuxo pagamento se realizou nel, con respecto ao total de obrigas recoñecidas.

$$\frac{\text{Pagamentos realizados } 180.961.912,41}{\text{Obrigas recoñecidas } 180.980.048,67} = 1,00$$

Do orzamento de ingresos correntes

Execución do orzamento de ingresos

Reflicte a proporción que sobre os ingresos orzamentarios previstos supoñen os ingresos orzamentarios netos, isto é, os dereitos liquidados netos.

$$\frac{\text{Dereitos recoñecidos netos } 193.960.509,52}{\text{Previsións definitivas } 214.683.357,26} = 0,90$$

Realización de cobramentos

Recolle a porcentaxe que supoñen os cobros obtidos no exercicio sobre os dereitos recoñecidos netos.

$$\frac{\text{Recadación neta } 169.301.251,13}{\text{Dereitos recoñecidos netos } 193.960.509,52} = 0,87$$

Período medio de pagamento: 12,23 días

Universida_{de}Vigo

Conta anual do exercicio 2022

A conta do **resultado económico patrimonial** mostra unha melloría do resultado do exercicio debido a un incremento das subvencións recibidas (fondos next generation)


Es la traducción a contabilidad financiera de la ejecución del presupuesto y del resultado presupuestario

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL UVIGO 2022		
DESCRIPCIÓN	EJERCICIO:2022	EJERCICIO:2021
1. Ingresos tributarios y cotizaciones sociales	164.334.472,40	159.277.594,50
2. Transferencias y subvenciones recibidas	15.258.953,05	14.876.541,05
3. Ventas netas y prestación de servicios		
4. Variación de existencias de productos terminados y en curso de fabricación y deterioro de valor		
5. Trabajos realizados por la entidad para su inmovilizado		
6. Otros ingresos de gestión ordinaria	8.727.107,19	7.016.909,50
7. Exceso de provisiones	0,00	202.493,04
A) TOTAL INGRESOS DE GESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+5+6+7)	188.260.532,64	181.373.538,09
8. Gastos de personal	-135.392.747,98	-127.558.051,00
9. Transferencias y subvenciones concedidas	-5.802.215,91	-4.758.565,65
10. Aprovisionamientos		
11. Otros gastos de gestión ordinaria	-32.317.251,17	-29.689.729,39
12. Amortización del inmovilizado	-9.019.834,09	-9.049.125,01
B) TOTAL GASTOS DE GESTIÓN ORDINARIA (8+9+10+11+12)	-182.532.049,15	-171.055.471,05
I Resultado (Ahorro o desahorro) de la gestión ordinaria (A+B)	5.828.483,49	10.318.067,04
13. Deterioro de valor y resultados por enajenación del inmovilizado no financiero y activos	-60.723,16	0,00
14. Otras partidas no ordinarias	69.331,84	99.196,79
II Resultado de las operaciones no financieras (I+13+14)	5.837.092,17	10.417.263,83
15. Ingresos financieros	0,00	5.614,71
16. Gastos financieros	-206.874,53	-190.134,97
17. Gastos financieros imputados al activo		
18. Variación del valor razonable en activos y pasivos financieros	8.400,00	0,00
19. Diferencias de cambio	0,00	0,00
20. Deterioro de valor, bajas y enajenaciones de activos y pasivos financieros	403.946,28	-2.771.902,54
21. Subvenciones para la financiación de operaciones financieras	0,00	0,00
III Resultado de las operaciones financieras (15+16+17+18+19+20+21)	205.472,25	-2.956.427,80
IV Resultado (Ahorro o desahorro) neto del ejercicio (II+III)	6.042.564,42	7.460.836,03

Universidade de Vigo

La UVIGO presenta en el periodo 2015 a 2018 *ahorro presupuestario* (bruto y neto) positivo, lo que implica una situación estable financieramente ya que los ingresos corrientes son capaces de cubrir el gasto corriente. En términos comparados, la situación de la UVIGO es mejor que la del promedio de las universidades españolas y gallegas.

Gráfico 17: Ahorro bruto y neto de la UVIGO en el periodo 2009-2018 (en euros)



Fuente: Elaboración propia a partir de los datos de las cuentas anuales de la UVIGO

Universidade de Vigo

Nivel de endebedamento

ANTICIPOS REINTEGRABLES DA ADMINISTRACIÓN CENTRAL

IDENTIFICACION	SITUACION		
	prestamos 31/12/2021	amortizacion 2022	Saldo final 31/12/2022
PARQUES CIENTIFICOS	116.505,48	45.828,18	70.677,30
CAMPUS DO MAR	1.946.870,68	476.566,06	1.470.304,62
CAMPUS EXCELENCIA	361.352,49	180.679,17	180.673,32
INNOCAMPUS	215.360,03	52.903,54	162.456,49
SUMA	2.640.088,68	755.976,95	1.884.111,73

DEUDAS POR IBI COS CONCELLOS

IDENTIFICACION	SITUACION		
	prestamos 31/12/2021	amortizacion 2022	Saldo final 31/12/2022
CONCELLO DE VIGO	1.764.777,01	235.038,53	1.529.738,48
CONCELLO DE PONTEVEDRA	152.542,80	76.109,40	76.433,40
SUMA	1.917.319,81	311.147,93	1.606.171,88

A UVIGO presenta un baixo nivel de endebedamento con tendencia decrecente, constituído exclusivamente polos anticipos reembolsables concedidos pola Administración central e autonómica para financiar a realización de investimentos. En termos comparados, a UVIGO ten un nivel de endebedamento lixeiramente superior á UDC, pero sensiblemente menor que a USC e as universidades españolas

Universidade de Vigo

Conta anual do exercicio 2022

- O **balance de situación** amosa a solidez da posición da universidade detallado nos indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios

BALANCE DE SITUACIÓN UVIGO 2021-2021					
ACTIVO			PASIVO		
DESCRIPCIÓN	EJERCICIO:2022	EJERCICIO:2021	DESCRIPCIÓN	EJERCICIO:2022	EJERCICIO:2021
A) ACTIVO NO CORRIENTE	212.297.625,28	214.027.179,59	A) PATRIMONIO NETO	243.835.692,54	241.129.044,14
I) Inmovilizado Intangible	3.690.038,76	3.554.348,25	I. Patrimonio	268.318.132,87	268.318.132,87
II. Inmovilizado material	202.168.483,99	203.942.678,74	II. Patrimonio generado	-52.229.983,71	-55.645.540,89
III. Inversiones inmobiliarias	564.757,93	578.357,93	IV. Otros incrementos patrimoniales pendientes de imputación a resulta	27.747.543,38	28.456.452,16
IV. Inversiones financieras a largo plazo en entidades del grupo, multigrupo y asociadas	5.855.156,46	5.932.606,53	B) PASIVO NO CORRIENTE	19.174.299,01	18.208.481,12
V. Inversiones financieras a largo plazo	19.188,14	19.188,14	I. Provisiones a largo plazo	16.215.686,08	14.046.062,07
			II. Deudas a largo plazo	2.958.612,93	4.162.419,05
B) ACTIVO CORRIENTE	84.567.649,46	62.064.433,81	C) PASIVO CORRIENTE	33.855.283,19	16.754.088,14
III. Deudores y otras cuentas a cobrar	42.637.089,35	40.374.236,53	I. Provisiones a corto plazo	542.185,41	0,00
V. Inversiones financieras a corto plazo	671.642,62	628.725,02	II. Deudas a corto plazo	1.416.151,01	1.410.025,21
VII. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes	41.258.917,49	21.061.472,26	IV. Acreedores por operaciones de gestión	16.475.663,04	6.115.662,42
			V. Ajustes por periodificación	15.421.283,73	9.228.400,51
TOTAL ACTIVO (A+B)	296.865.274,74	276.091.613,40	TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A+B+C)	296.865.274,74	276.091.613,40

Cadro 11. Remanente de tesourería da UVigo. Anos 2022 e 2021 (euros).

Conceptos	2022	2021
1. (+) Fondos líquidos	41.258.917,49	21.061.472,26
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	43.305.477,71	42.915.252,32
- (+) do orzamento corrente	24.659.258,39	26.239.282,34
- (+) de orzamentos pechados	2.960.025,22	2.972.938,37
- (+) de operacións non orzamentarias	15.686.194,10	13.703.031,61
- (+) de operacións comerciais		
3. (-) Obrigacións pendentes de pagamento	9.833.198,04	4.189.450,77
(-) (+) do orzamento corrente	18.136,26	1.536.546,04
(-) (+) de orzamentos pechados		
(-) (+) de operacións non orzamentarias	6.818.913,41	1.687.030,66
(-) (+) de operacións comerciais		
(-) (+) acreedores pendentes de aplicar ó orzamento	2.996.148,37	965.874,07
4. (+) Partidas Pendentes de Aplicación	-4.798.964,14	501.127,09
TOTAL REMANENTE TESOURERÍA (1+2-3+4)	69.932.233,02	60.288.400,90
I. Saldos de dubidoso cobro	1.381.109,24	3.004.512,80
II. Remanentes de Tesourería no disponible	61.387.713,74	40.683.280,03
II. Remanentes de Tesourería disponible	7.163.410,04	16.600.608,07
III. Remanentes de Tesourería total = (I+II+III)	69.932.233,02	60.288.400,90

Universidade de Vigo

Conta anual do exercicio 2022

O estado de fluxos de efectivo amosa o saldo de tesourería a 31 de decembro de 2022

ESTADO DE FLUJOS		
DESCRIPCIÓN	2022	2021
I. FLUJOS DE EFECTIVO DE LAS ACTIVIDADES DE GESTIÓN		
A) Cobros:	198.496.604,02	188.434.220,98
B) Pagos:	177.497.339,60	163.759.393,09
Flujos netos de efectivo por actividades de gestión (+A-B)	20.999.264,42	24.674.827,89
II. FLUJOS DE EFECTIVO DE LAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN		
C) Cobros:	2.052.566,11	46.681,23
D) Pagos:	8.141.421,33	24.752.935,26
Flujos netos de efectivo por actividades de inversión (+C-D)	-6.088.855,22	-24.706.154,03
III. FLUJOS DE EFECTIVO DE LAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN		
G) Cobros por emisión de pasivos financieros:	30,00	7.694,43
H) Pagos por reembolso de pasivos financieros:	11.842,78	26.253,76
Flujos netos de efectivo por actividades de financiación (+E+F+G-H)	-11.812,78	-18.559,33
IV. FLUJOS DE EFECTIVO PENDIENTES DE CLASIFICACIÓN		
Flujos netos de efectivo pendientes de clasificación (+I-J)	5.298.848,81	0,00
VI. INCREMENTO/DISMINUCIÓN NETA DEL EFECTIVO Y ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIV. AL EFECTIVO (II+III+IV+V)	20.197.445,23	-49.885,47
Efectivo y activos líquidos equivalentes al efectivo al inicio del ejercicio	21.061.472,26	21.111.357,73
Efectivo y activos líquidos equivalentes al efectivo al final del ejercicio	41.258.917,49	21.061.472,26

Universidade de Vigo

CONCLUSIÓNS DO INFORME DA AUDITORÍA

- As contas expresan todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2022, os seus resultados, fluxos de efectivo, e o estado de liquidación do orzamento rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e cos principios e criterios contados no mesmo
- **Salvedades:** Advertencia sobre o risco de non dispoñer dun rexistro actualizado dos elementos que compoñen o inmovilizado material.
- **Cuestións chave da auditoría:**
 - Recoñecemento de ingresos. Debido as fontes de financiamento da Universidade considérase risco significativo
 - Corte de operacións ao remate do ano pola diferencias dos criterios de devengo marcados pola contabilidade orzamentaria e financeira, advírtese do risco de corte do reflexo na contabilidade orzamentaria do que xa consta na financeira. Recoñécense os procedementos de peche que corrixen a 31 de decembro estas diferencias no pasivo Acreedores non orzamentarios

Universidade de Vigo

INFORME DE AUDITORÍA OPERATIVA SOBRE PROCEDIMIENTOS EN GESTIÓN DE ACTIVOS: INMOVILIZADO MATERIAL

SITUACIÓN DE PARTIDA

- A xestión de Terreos e Construcións e Outro inmovilizado material é levada a cabo de forma diferente
- Na partida de Terreos e Construcións non se observaron diferenzas significativas
- Na partida doutro inmovilizado material que se leva no módulo de Patrimonio do MUS obsérvase:
- A información contida no módulo de xestión Patrimonio é a de adquisición do elemento patrimonial e pode ser diferente á información contable que no seu conxunto lanza unha diferenza de 10.674.983
- Durante o exercicio 2019, realizou un cambio de aplicación de xestión patrimonial en que se detectaron incidencias no control de adicións e retiros de bienes de patrimonio e dificultades de gasto por amortización
- Atópase dificultades na función de control e conciliación sobre o rexistro de fichas

PROPOSTAS DE MELLORA


- Crear unha unidade organizativa con funcións determinadas que teña como obxectivo controlar e verificar mensualmente a información recollida sobre os elementos patrimoniais
- Automatizar a creación de fichas de inventario
- Divulgar a política de xestión de patrimonio
- Planificar a realización de inventarios físicos rotativos
- Incluir os elementos patrimoniais de terreos e construcións no módulo de xestión Patrimonio

ACTUACIÓNS DA UNIVERSIDADE

- Ditouse instrución de actualización de baixas a todos os responsables de execución e de verificación ao responsable de Asuntos Xerais
- Licitárase a actualización do Patrimonio para que ao longo do segundo semestre do ano procedase a adecuar o seu rexistro á realidade
- Contratárase o desenvolvemento da aplicación de xestión ao obxecto de que queden salvadas as dificultades actualmente existentes para a actualización de valor e amortización
- Revisárase o procedemento de mantemento do rexistro patrimonial e a súa concordancia cos valores contables

Universidade de Vigo

A continuación proxecta outra documentación, información sobre o custo de actividades en relación coa contabilidade analítica, comezando polas actividades non finalistas, a saber:




Prosegue coa exposición, neste caso dirixida ás actividades finalistas:

Actividades finalistas

Resumo por clase de actividade

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
ACTIVIDADES DE DOCENCIA	126,036,622.65
ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA	48,039,925.18
ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA	10,612,740.21



■ Actividades de docencia ■ Actividades de investigación ■ Actividades de Extensión universitaria

O vicerreitor conclúe que considerou necesaria esta última parte para que teñamos unha idea da distribución de costes da Universidade.

O reitor propón que se aprobe por asentimento. Xa pasou por tódolos trámite que tiña que pasar, e con esta aprobación simplemente elevámola ao Consello Social, que, despois da súa respectiva aprobación, a elevará á Xunta de Galicia.

Intervén Coral del Río quen declara que, desde a súa posición e en nome do grupo NOS Universidade, van votar non a estas contas, por non estar de acordo coa política de gasto do equipo de goberno, polo que non se poden aprobar por asentimento. Pensa que as imaxes das memorias de liquidación da Universidade nos últimos anos non é que sexan preocupantes, é que meten medo. A partir do ano 2018, os remanentes de tesouraría dispoñibles da Uvigo baixan de maneira alarmante. Este agregado recolle o que poderíamos chamar, para entendernos, os aforros acumulados da Uvigo, de libre disposición, especialmente axeitados para acometer programas ambiciosos ou para sufragar grandes gastos inesperados. En 2018 estes aforros alcanzaban case 38 millón de euros. Na memoria que se presenta no Consello de Goberno, os remanentes dispoñibles, non afectados, apenas superan uns 7 millóns de euros. En catro anos “desapareceron” mais de 30 millóns de euros. E o peor, é que nas contas de liquidación do ano pasado, ás correspondentes ao 2021, o remanente dispoñible superaba os 16 millóns de euros. De seguir este ritmo, o próximo ano non teremos remanente dispoñible que gastar. Escoitou o que dixo o profesor Míguez, que estamos pendentes dunha sentenza que tal vez supoña, se entendeu ben, 12 ou 14 millóns.

Míguez lle explica a Coral que o importe é de 14.9 millóns de euros, a falta da sentenza definitiva. Coral desexa que oxalá a sentenza sexa firme para que cheguen eses cartos, e teñamos ese ingreso na Uvigo. Míguez engade que nos anos que comenta Coral o IVA o daban, co cal os remanentes eran superiores, explicando a ubicación nos orzamentos en tesouraría non dispoñibles que afectan á visión global das contas. Coral replica que no mellor dos casos estaríamos a falar de 22 millóns, cando fai 4 anos tiñamos 38. Desde Nós Universidade fanse moitas preguntas: onde están eses cartos?, que grandes inversións fixemos nestes últimos anos que xustifiquen esta perda de aforros?, que grandes transformacións están en marcha?,

para pagar gastos do capítulo 1, gastos de persoal, que vansen consolidar no futuro, cando xa non teñamos aforros dos que tirar?, como se van a sufragar eses gastos cando xa non teñamos remanente? Estes gastos non están rexuvenecendo nin equilibrando as nosas plantillas. Son gastos que nos van a hipotecar. A política de gastos non se axusta á realidade financeira da Uvigo. Dende Nós Universidade pregúntanse se os aforros, con que este equipo se atopou ao chegar á Reitoría, estanse utilizando en políticas de gasto que non nos podemos permitir no medio prazo. Por todo o cal, ela, dende logo, vai votar que non.

O reitor intervén e di que primeiro vai facer uso da palabra, e despois vaise votar: ‘O que se trata de aprobar no Consello de Goberno non son as políticas do equipo de goberno, que por certo, teñen un referendo bastante importante por parte da comunidade universitaria. O que se trata é de aprobar a conta de liquidación do 2022, para a súa aprobación posterior no Consello Social, é dicir, o que se trata de aprobar é a contabilidade, por así dicilo. Trátase de ver se o que se presenta é un reflexo fidedigno do que se fixo durante o ano. E todos estamos absolutamente convencidos de que así o é’.

Con todo, dado que se suscitan algunhas dúbidas, xa que dende o punto de vista político todo é permisible, o reitor sinala que paga a pena explicar un par de datos, para que a profesora Coral del Río quede máis tranquila. Con respecto á evolución do remanente de libre disposición e capítulo 1,

dende 2018 a 2023, a evolución do capítulo 1 (2018), reflicte os datos de 102.467.259 euros, mentres que no ano 2022 son 122.361.464 euros, o que supón un incremento de 19.894.205 euros, tanto en políticas de PDI como de PAS.

O reitor explica a que se debe este incremento, en primeiro lugar debido á redución de horas no POD, que se baixaron a 260, facendo fincapé en que o propósito inicial era unha redución a 240, aínda que había xente que non estaba de acordo, pero que a vixente LOSU (na liña do programa do equipo de goberno), marca que o ano que ven o máximo deberán ser 240 horas. Outro dato importante é a recuperación íntegra do complemento de pagas extras do PDI, a pesares de que se dixo que era ilegal, pouco menos que ía ter consecuencias penais, a realidade foi que se puido facer e se fixo, e en catro anos está todo normalizado. E dos agoreiros que dicían que era ilegal, ninguén deles devolveu eses cartos, todo o mundo os está cobrando con normalidade. Con respecto as figuras de profesorado, tamén se fixo o baleirado da bolsa de acreditados a cátedras e profesores titulares de universidade, con un investimento baseado en datos obxectivos, e sacando tamén prazas de contratado doutor e axudante doutor que van a áreas con necesidades. Lembra tamén que a lei marca que o 15% das prazas ten que estar destinado á persoal investigador, mentres que o 85% das prazas son precisamente para equilibrar. Cita tamén a captación de talento e retención de talento, que eran un compromiso electoral, o axuste salarial nas figuras predoutorais, sempre de acordo coa mesa sindical, e a política de PAS, co cumprimento da adicional 6ª, que tamén tivo un custo. Outro motivo do incremento foi o recoñecemento dos quinquenios e sexenios dos axudantes doutores, así como o recoñecemento progresivo da antigüidade do persoal investigador (a partir dos 62 anos hai unha diminución do número de horas que deben acometer). Por último, tamén estaba no programa a funcionarización do PAS laboral, estímase un incremento no futuro de mais de 200.000 euros. Entón, as políticas do equipo de goberno supoñen un total de 6.787.000 euros.

Ademais, como outras razón do incremento, o reitor enumera cartos comprometidos, afectados, como 180.000 euros da ORI, 295.132 da OPI, e 1.785.000 da convocatoria de recualificación do fondo de resiliencia.

Tamén supón un incremento o custo do persoal investigador MEC Xunta, uns 432.00 euros, as gratificacións do PAS, por un importe de 268.115 e a suba salarial 2019-2022, que non depende de nós, por un importe de 7.780.000 euros. Ademais, cumpre engadir a partir do curso actual, o custo da docencia cero durante un ano e docencia 50% durante o seguinte ano da acción positiva para mulleres que volven do permiso de maternidade, que non se inclúe no computo actual por ser unha medida nova; pero se non as queren pódese debater sobre estas medidas.

O incremento total é de 17.527.247 euros, coa suma da explicación anterior.

O reitor coméntalle a Coral del Río que entende que teña medo, xa que segundo a liquidación provisoria da Uvigo, desde que chegou o equipo de goberno ata o ano 2022, semella que se produciu unha redución de 30.538.768 euros. Mais, en primeiro lugar, é preciso ter en conta varias cuestións: 1) que estamos pagando os créditos solicitados nunha etapa anterior, moi especialmente os relacionados co Campus do Mar. 2) Houbo que pagar, por sentenza firme e de acordo coa recomendación da asesoría fiscal, o IBI dos anos afectados pola sentenza en Vigo. O acordo permitiu diminuír a carga relativa a xuros de demora. 3) Incrementouse o patrimonio da Universidade de Vigo co gran éxito das convocatorias de infraestruturas nos anos 2018 e 2019. 4) Levouse a cabo o PLAN SUVI de eficiencia enerxética e enerxías renovables, coa redución de emisión de CO2 (2000 tn/ano) e co aforro da factura enerxética, o que supón unha vantaxe nos orzamentos do 2023, que alivian en parte a extraordinaria suba do custo da enerxía.

Por último, o reitor fala do remanente de libre disposición, un total de 36.000.000 de euros, por riba do que había como remanente de libre disposición, de acordo coas seguintes cifras:

- 7.240.211 euros, que xa figuran nos orzamentos de 2023, a finais de 2022.
- 5.285.000 euros cobrados en xaneiro deste ano de infraestruturas do 2018.
- 2.800.000 euros que debe o Ministerio de infraestruturas do ano 2019.
- 6.200.000 euros que debe a Xunta da xustificación do convenio de I+D.
- 14.399.931 que debe a Axencia Tributaria pola prorrata do IVA.

O reitor engade que o que se vai votar é se as contas que representan son un fiel reflexo do que se fixo economicamente o ano pasado.

Coral responde: evidentemente estamos para facer política no Consello de goberno, e ela está a falar do que lle parece mellor para a Universidade. Unha cousa é o que se presuposta, e outra diferente a liquidación. Non son contas sostibles. Segue a manter o voto negativo.

O reitor responde: estamos a votar a conta de liquidación definitiva, o día de facer política é o día que se aproban os orzamentos, pero por suposto que cada un vote o que lle pareza mellor.

Lévase a cabo unha votación, con tempo suficiente para os que participan online:

Votos a favor das contas: 34.

Votos en contra: 2

Abstencións: 3.

Apróbase por maioría.

2. Aprobación, se procede, dunha solicitude de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2022 para a realización dun programa de investigación a través do centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades, para o seu trámite no Consello Social.

Explica o asunto có seguinte cadro:

Solicitante		Motivación
Xerencia	Remanente libre disposición	
	Aplicación orzamentaria	Importe
	T083 131H 649.02 Referencia actividade CC- RPIN-P0/00 (Traballos de continuación do proxecto "Recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala")	2.100,00 €
	0000 421S 22699 Referencia actividade CC- RPIN-P0/00 (Traballos de continuación do proxecto "Etiquetador lematizador para o galego actual)	1.440,00 €
	TOTAL:	3.540,00 €€

O 22 de marzo de 2022, asinouse o convenio plurianual de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria para a realización dun programa de investigación a través do centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades. O pagamento do 2º semestre do ano 2022 efectuouse a finais do ano, polo que o crédito non se puido incorporar ás partidas dos investigadores do devandito convenio, por iso é necesario incorporar o crédito para facer fronte os pagamentos dos gastos comprometidos.


O reitor pide a aprobación por asentimento.

Apróbase por asentimento.

3. Aprobación, se procede, da proposta de gobernanza para o Campus Auga.

O reitor da a benvida ao novo vicerreitor do Campus de Ourense, Francisco Javier Rajo. Despois adianta que fará el a presentación desta proposta de gobernanza, que xa non é excesiva, facendo caso as recomendacións feitas pola comisión avaliadora.

Quedaría desta forma:



Consello reitor

- Reitor/a da UVigo
- Vicerreitor/a do Campus de Ourense
- Vicerreitor/a de Investigación
- Representante do Consello Social da UVigo
(sector empresarial: CEG ou CEO)
- Director/a do Campus Auga

Comité de dirección

- Director/a do Campus Auga
- Vogal da Área de Investigación
- Vogal da Área de Docencia
- Vogal da Área de Internacionalización
- Vogal da Área de Transferencia e Emprendemento
- Secretario/a técnico



Comité consultivo socioempresarial


	ALIMENTACIÓN	MEDIOAMBIENTE	XESTIÓN DA AUGA
Clústers	CLUSAGA (Clúster Alimentario de Galicia)	VIRATEC (Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular)	AUGA DE GALICIA (Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia)
Empresas privadas	Grupo COREN Bodegas Galegas	Víaqua Valtalia	Augas de Sousas Grupo Caldaría
Sector público	INORDE (Deputación de Ourense)	Augas de Galicia (Xunta de Galicia)	Confederación Hidrográfica Miño-Sil Asociación Aquavalor

Comité consultivo de persoas externas

ALIMENTACIÓN	MEDIOAMBIENTE	XESTIÓN DA AUGA
Lilian Bouçada de Barros (IPB – Instituto Politécnico de Bragança)	Ricardo M. Trigo (Universidade de Lisboa)	Francesco Sindico (University of Strathclyde Glasgow)
Seid Mahdi Jafari (Gorgan University of Agricultural Sciences and Natural Resources, Irán)	Mira Petrovic (Institut Català de Recerca de l'Aigua)	M.ª Teresa Navarro Caballero (Universidad de Murcia Cátedra del Agua)
Ana Rodríguez-Mateos (Kings College London)	Sergio M. Vicente Serrano (Instituto Pirenaico de Ecología – CSIC)	Víctor Vázquez Álvarez (Banco Mundial)
Juan M. Lema Rodicio (Universidade de Santiago de Compostela)		
Juan J. Gestal Otero (Universidade de Santiago de Compostela)		



UNIVERSIDADE
DE VIGO



Universida_{de}Vigo

O reitor solicita a aprobación por asentimento. Se non hai inconveniente, queda aprobado por asentimento.

Apróbase por asentimento.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.45 h. do día 26 de xuño de 2023, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral